



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Febreiro 2025

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Febreiro 2025

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en febreiro de 2025 con respecto ao mesmo período do ano anterior un incremento do 0,3% e no conxunto de España do 0,8%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 0,3% e aumentan no Resto de produtos un 0,1%.
- As vendas minoristas aumentan en trece comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 0,6% en Galicia no mes de febreiro de 2025 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España medra un 1,3%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 1,4% en Galicia e do 1,3% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en quince comunidades autónomas no mes de febreiro.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Febreiro 2025

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	88,7	0,3	0,7
Xeral sen estacións de servizo	87,1	-0,2	0,3
Alimentación	83,9	-0,3	2,2
Resto	93,1	0,1	-1,0




1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 0,3% en Galicia en febreiro de 2025 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do 0,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 0,2% en Galicia e medra un 0,9% en España respecto a febreiro de 2024. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce a facturación un 0,3% en Galicia e un 0,1% no conxunto de España.
- O Resto de produtos medra un 0,1% en Galicia e un 2,2% no conxunto do Estado.



Nos dous primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 0,7% en Galicia e un 1,6% en España. Rexístrase un incremento das vendas en Alimentación (2,2% en Galicia e 1,9% en España). No Resto de produtos as vendas redúcense en Galicia (-1%) e increméntanse en España (1,9%).


2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en trece comunidades autónomas. As comunidades con maiores incrementos son País Vasco (2,9%), Murcia (2,8%) e Canarias (2,2%). As comunidades onde baixan as vendas son Asturias (-1,4%), Castilla y León (-0,8%), Extremadura (-0,5%) e Madrid (-0,2%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Asturias (-0,1%). As taxas máis altas preséntanse en Murcia (3,8%), País Vasco (3,5%) e Canarias (2,7%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Febreiro 2025

Taxas de variación (%)



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 0,6% en Galicia no mes de febreiro de 2025, e un 1,3% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 0,5% en Galicia e do 1,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 0,8% e no Resto de produtos un 0,4%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 1,4% nas vendas en Alimentación e do 2,2% no Resto de produtos.

Nos dous primeiros meses do ano, o índice medra un 1,1% en Galicia e un 2,2% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 3,1% en Galicia, menos que en España (3,4%). As vendas no Resto de produtos diminúen en Galicia (-0,8%) e crecen en España (1,9%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,4% no mes de febreiro en Galicia e do 1,3% no conxunto do Estado.


No que vai do ano, a ocupación medra un 0,9% en Galicia e en España un 1,3%.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en febreiro en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (3,6%) e Illes Balears (3,4%). As comunidades con diminución do persoal ocupado son Asturias (-0,6%) e Extremadura (-0,1%).

Índice xeral de ocupación. Febreiro 2025

Taxas de variación (%)



No acumulado do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Canarias (3,4%) e Illes Balears (2,9%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado Asturias (-0,6%) e Extremadura (-0,1%).

Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Febreiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano		Interanual	No que vai de ano
Galicia						
Xeral	106,0	0,6	1,1	88,7	0,3	0,7
Xeral sen estacións de servizo	104,6	0,5	0,8	87,1	-0,2	0,3
Alimentación	108,9	0,8	3,1	83,9	-0,3	2,2
Resto	101,4	0,4	-0,8	93,1	0,1	-1,0
España						
Xeral	113,4	1,3	2,2	94,8	0,8	1,6
Xeral sen estacións de servizo	112,8	1,7	2,5	93,8	0,9	1,7
Alimentación	118,5	1,4	3,4	91,1	-0,1	1,9
Resto	108,5	2,2	1,9	100,8	2,2	1,9

Fonte: INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Febreiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano		Interanual	No que vai de ano
Galicia						
Xeral	123,1	2,3	1,9	103,3	2,9	1,9
Xeral sen estacións de servizo	123,4	3,1	2,2	101,5	2,3	1,4
Alimentación	125,3	3,3	4,1	96,6	2,3	3,0
Resto	120,6	1,8	0,3	109,0	1,3	0,2
España						
Xeral	131,2	3,7	3,3	109,0	3,6	3,0
Xeral sen estacións de servizo	131,1	4,3	3,7	107,8	3,3	2,7
Alimentación	133,1	3,5	4,1	103,0	2,9	2,9
Resto	129,0	4,5	3,4	117,7	4,8	3,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Febreiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano		Interanual	No que vai de ano
ESPAÑA	113,4	1,3	2,2	94,8	0,8	1,6
Andalucía	112,5	1,5	3,0	94,1	1,2	2,5
Aragón	111,9	0,8	1,0	92,9	0,1	0,1
Asturias	107,9	-0,7	0,9	90,2	-1,4	-0,1
Balears, Illes	105,6	1,5	2,3	88,1	0,4	1,1
Canarias	131,6	2,2	2,8	111,1	2,2	2,7
Cantabria	111,5	0,7	2,4	93,5	0,3	1,9
Castilla y León	108,9	-0,3	1,4	89,8	-0,8	0,8
Castilla-La Mancha	114,1	1,5	3,1	93,7	1,2	2,6
Cataluña	112,1	1,8	2,5	93,6	1,0	1,7
Comunitat Valenciana	113,1	1,2	2,0	95,0	0,9	1,4
Extremadura	109,0	-0,3	1,3	90,9	-0,5	0,9
GALICIA	106,0	0,6	1,1	88,7	0,3	0,7
Madrid	116,9	0,3	0,9	98,2	-0,2	0,2
Murcia, Región de	110,0	2,8	4,1	91,9	2,8	3,8
Navarra	112,5	1,2	2,0	93,2	0,5	1,1
País Vasco	116,5	4,2	5,1	96,6	2,9	3,5
Rioja, La	111,5	1,4	2,5	92,7	1,3	2,1
Ceuta	117,0	4,4	4,0	95,7	1,5	1,8
Melilla	107,5	0,2	0,7	89,4	-1,1	-0,4

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Febreiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	103,7	1,4	0,9
Xeral sen estacións de servizo	103,4	1,3	0,8
España			
Xeral	104,9	1,3	1,3
Xeral sen estacións de servizo	104,9	1,3	1,3

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Febreiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
ESPAÑA	104,9	1,3	1,3
Andalucía	107,4	2,2	2,2
Aragón	101,7	1,6	1,4
Asturias	97,3	-0,6	-0,6
Balears, Illes	106,6	3,4	2,9
Canarias	112,4	3,6	3,4
Cantabria	102,1	1,6	1,1
Castilla y León	101,9	0,7	0,7
Castilla-La Mancha	106,6	2,1	2,2
Cataluña	101,2	0,4	0,5
Comunitat Valenciana	104,2	0,8	0,5
Extremadura	102,5	-0,1	-0,1
GALICIA	103,7	1,4	0,9
Madrid	108,7	1,1	1,5
Murcia	99,4	0,5	0,5
Navarra	103,4	2,4	2,2
País Vasco	103,2	1,2	1,1
Rioja, La	101,7	1,5	1,3
Ceuta	98,9	-0,7	-0,1
Melilla	100,8	0,0	0,0

Fonte: INE